

Narracións infantís recuperadas de Amador Montenegro Saavedra: “Polos niños. (Escena infantil)” e “As formillas”

Isabel Mociño

Amador Manuel Joaquín de la Concepción Montenegro Saavedra naceu en Santiago de Compostela o 30 de abril de 1864. Criouse en Lugo no seo dunha familia acomodada e cursou estudos de Dereito en Santiago de Compostela e Valladolid, despois dos que traballou un tempo como pasante en Monforte de Lemos. Na Cidade das Murallas fundou en outubro de 1889, xunto con Manuel Pardo Becerra, a revista *A Monteira*, que el mesmo dirixiu e na que deixou unha abondosa produción tanto narrativa, coma poética e ensaística. Sen embargo, a maior parte da súa vida estivo vinculada por lazos familiares á cidade de Vigo, na que exerceu a docencia, participou activamente na vida política e chegou a dirixir publicacións como *La Razón* ou *Galicia agrícola, comercial e industrial*.

251

En 1909 pasou a formar parte da Real Academia Galega, na que ingresou co discurso titulado “Alma da poesía gallega” escrito integramente en lingua galega, feito que até o daquela non se tiña producido dende a fundación da institución. A resposta, tamén en galego, deulla Juan Barcia Caballero. Amador Montenegro Saavedra morreu en Lugo o 22 de setembro de 1932.

Á parte da produción narrativa¹ e poética espallada por diferentes publicacións periódicas² da época, Amador Montenegro non foi un autor moi prolí-

¹ Sobre a narrativa deste autor estase preparando unha edición crítica a cargo de Eulalia Agrelo e Isabel Mociño, que verá en breve a luz dentro da colección “Narrativa recuperada”, publicada polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

² Foi colaborador dos xornais e revistas máis senlleiros da Galicia de entre séculos (tanto dos publicados aquí coma na diáspora) como *O Tío Marcos d'a Portela* (Ourense, 1876), *O Galiciano*

fico en canto á creación literaria. Contamos da súa autoría unicamente con tres volumes de carácter poético, ademais doutras obras³ nas que tratou cuestións agrícolas. O seu primeiro poemario foi *Muxenas* (1888), que conta cun prólogo de Xosé Pérez Ballesteros e que non tivo moi boa acollida por parte da crítica, que o considera pouco afortunado. A esta primeira entrega seguirían *Fábulas y-epigramas* (1892) e *Fábulas galaico-castellanas* (1897), volumes nos que, como os seus títulos indican, Amador Montenegro publicou fábulas e epigramas en galego e castelán, moitas destas composicións dadas xa a coñecer antes en diversos xornais e revistas.

Segundo a profesora Blanca-Ana Roig Rechou⁴, estas obras destacan por aparecer nun momento histórico no que a produción de literatura infantil e xuvenil era practicamente inexistente e por semellar que o autor quere “introducir fábulas en galego no sistema educativo, retomando unha das tendencias xa asentadas noutras literaturas, pois só se utilizaba a fabulística en castelán”⁵. De feito, no prólogo á edición de 1927 titulado “Por decir algo”, Montenegro diríxese ao lectorado, inicialmente nunha *captatio benevolentia*, sinalando que a súa obra xorde das lecturas de autores como Esopo e Fedro, aos que lera no Instituto, e doutros como La Fontaine, Campoamor, Hartzembuch ou Cayetano Fernández, así como das lecturas realizadas na escola das obras de Tomás de Iriarte e Félix M^a de Samaniego. Indica que a partir destas obras naceu nel o desexo de imitalos, como ocorrera xa na súa obra de 1892, *Fábulas y-epigramas*. Parécenos significativo de cara á intencionalidade sinalada, destacar o desexo que o autor expresa nos termos: “Quero que os meus libros poidan lelos teus fillos, como os meus os len” (p. 6), declaración na que expresamente alude a ese posíbel destinatario infantil e xuvenil ao que o mediador pai/nai proporcionaría libros coma este.

(Pontevedra, 1884), *Galicia* (A Coruña, 1887), *Galicia Humorística* (Santiago de Compostela, 1888), *Galicia Moderna* (Pontevedra, 1897), *Aires da Miña Terra* (La Habana, 1892 e Bos Aires, 1908), e *El Eco de Galicia* (La Habana, 1878 e Bos Aires, 1892), entre outros.

³ Aínda que se chegara a anunciar en diferentes medios a inmediata publicación de dous volumes de contos que levarían por título *Probas negativas* e *Contos do meu país*, estes non foron localizados até o momento, polo que sospeitamos que nunca chegaron a ver a luz. Do mesmo xeito, no momento da súa morte deixou algúns traballos inéditos, como sinala Indalecio Varela Lenzano en “Amador Montenegro Saavedra”, artigo laudatorio publicado no *Boletín de la Real Academia Gallega*, n^o 244 (1-X-1932, pp. 73-74) con motivo do falecemento do autor lugués. Trataríase entre outros traballos de *¡Sonlle contos!...*, *El P. Feijóo en sus obras*, *Supersticiones gallegas* e *Los apellidos gallegos*.

⁴ “A literatura infantil e xuvenil en Galicia”, en Tarrío Varela, Anxo (coord.), *A literatura desde 1936 ata hoxe: narrativa e traducción*, tomo XXXIV, A Coruña: Hércules de Ediciones, 2002, pp. 382-501.

⁵ *Op. cit.*, p. 383.

Os contos que hoxe recuperamos⁶ apareceron publicados en *Galicia Recreativa*⁷, unha revista pontevedresa que apareceu o 2 de febreiro de 1890 baixo a dirección de Hipólito Codesido Sánchez e que non se sabe con certeza cándo pechou a súa publicación. Conta con abondosos textos literarios poéticos en lingua galega e moitos menos narrativos, así como algunha recensión de Francisco Portela Pérez sobre os libros *Follatos* (1891), de Filomena Dato Muruais, e *Fábulas y-epigramas* (1892), do propio Amador Montenegro.

O primeiro dos contos aparece publicado no nº 44 (8-III-1892, pp. 646–647) baixo o título de “Polos niños. (Escena infantil)”. Nel desenvólvese a anécdota protagonizada por dous nenos, Antón e Perucho, que se ausentan da escola para ir ver os niños de paxaro que cada un deles coñece e os problemas derivados desta aventura. Está asinado por Amador Montenegro Saavedra, datado en Vigo a primeiros de decembro de 1891 e dedicado ao poeta Galo Salinas Rodríguez, co que o unía unha forte amizade. O segundo, titulado “As formillas”, aparece dous meses despois, no nº 1 do segundo ano da publicación (8-V-1892, pp. 5-6). Presenta, como o anterior a presenza do protagonismo infantil⁸ e un escenario vinculado á escola, aínda que agora máis centrado nos xogos infantís das sortes, aos que é tan afeccionado o neno protagonista. Consideramos que o emprego do termo “formillas” na derradeira frase do primeiro conto, que pasa a ser o título do segundo, enlaza intencionadamente un relato co outro, o que favorece no lectorado a sensación de unidade e, en certo modo, de encadeamento.

Malia non presentar unha gran calidade literaria, estes relatos adquiren unha grande importancia por estar na base desas primeiras manifestacións de

⁶ Non atopamos ningunha fonte que se ocupara destes contos de Amador Montenegro Saavedra, nin sequera aparecen nomeados na produción do autor, da que se ocupa Modesto Hermida en *Narrativa galega: tempo do Rexurdimento*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Universitaria, 1995, pp. 141-144, probablemente pola imposibilidade de acceder aos fondos da revista que os contiña.

⁷ Tivemos acceso a esta publicación a través dos fondos que conserva a Real Academia Galega, á que lle agradecemos as facilidades para a reprodución destes relatos. Os números que puidemos consultar, e que forman o fondo do que dispón esta institución, foron do 22 ao 41 e o 43 correspondentes a 1891, do 43 ao 47 e do 1 ao 15 da segunda época, de 1892 e de 1893 unicamente o número 15.

⁸ Se facemos un rápido repaso pola produción narrativa de Amador Montenegro Saavedra espallada pola prensa galega dos últimos anos do século XIX e principios do XX, atopamos que non son estes os únicos contos nos que o noso autor empregou un protagonista infantil. Farao novamente por exemplo en “Marecutiña” (*Galicia Moderna*, nº 16, decembro de 1897), no que a protagonista é unha nena reprendida por dirixirse á Virxe, con toda a súa inocencia, con este apelativo cariñoso “Marecutiña”.

literatura infantil galega. De seguro que no transcurso de novas investigacións verán a luz outros exemplos deste tipo, froito da recuperación de moitas publicacións periódicas galegas finiseculares, polo de agora inaccesíbeis. Agardamos que traballos en curso sobre estas fontes fundamentais para o coñecemento da literatura galega en xeral, e do inicio da infantil e xuvenil en particular, vaian achegando máis luz sobre a materia.

En todo caso, material coma o que hoxe ofrecemos vén demostrar que a preocupación de autores como Vicente Risco (que escribira en 1921 os que veñen de ser publicados como *Tres contos maravillosos*, Galaxia, 2004) ou Evaristo Correa Calderón (con *Margarida a do sorriso d'aurora*, 1925) era froito dun contexto no que xa outros predecesores amosaran o seu afán por dotar de materiais en lingua galega á infancia e adolescencia do momento.

POLOS NIÑOS⁹

(Escena infantil)

‘O MEU AMIGO O POETA SALINAS RODRÍGUEZ’

- Eu ben sei d’un niño de melro con tres paxariños e non ch’o digo.
- Pois eu sei d’outro de sílgaro, qu’é millor, con cinc’hovos; pro lámbe-te, que non cho’o insino.
- Ben che sei eu tamén d’él y-heicho coller.
- ¿A que n-acertas ond’está?
- ¿A que si?

D’este xeito falaban â porta d’a escola unha mañán dous rapaces, antigos camaradas y-amigos sen duda; pro soporados n-aquel momento non sei porque difrénceas n-o cambeo d’un *pizarrillo* por un lápiz.

Mouros ambos e dous por sobra de sol e falta d’auga, descalzos de pé e perna, c’os libros debaixo d’o brazo y-as gorras postas ô rivés agardaban a hora d’entrada, desfacendo namentras tanto c’os dentes un bon anaco de pan de millo.

‘O fin y-atraguidos pol-a cureosidá forans’acercando un ô outro e pautando un armisticeo baixo á base de que cada un insinaría ô outro o niño que sabía, co-a condición de non tocarlle, quedaron os millores amigos. Despois discutiron a hora en que’habían ir y-anque’ô principio parecían incrinarse a facel-o â saída d’a escola, a impacéncia acabou por dominal-os y-ô pouco tempo currian ambos rapaces por entr’as silveiras berrando: ¡aquí hai un! ¡vexo dous! ¡Este non hé! Ecta; e tirando pedras ás peras y-ás manzás, hastra qu’ô fin deron co’o niño d’os paxaros.

- ¡¡Velos!!— dix’o que tiña o sacreto, curtand’o alento— estach’a nai enriba d’eles.
- Non que fuxiu xa, dix’o outro.
- Pois logo arrímate; pro non lles toques, que si non a nai aborréceos.

Os rapaces acercáronse, miraron os paxariños aínda cubertos de lan e piando, e seguiron adiante, tirando as gorras pol-aire, dando pinchacarneiros y-apuntándoll’os paxaros, hasta que chegaron ô niño d’os ovos.

- Mira, dix’o que se cría dono, y-a ver s’andas a modo, que xa fuxiu á nai qu’estab’apoleirandoos.

⁹ Reproducimos os relatos respectando fielmente o texto orixinal.

O d'o niño d'os paxaros non puido resistil-a tentación e coidando qu' o seu compañeiro seguía entretido en desenredar unha silva que se ll'agarrara ô calzón, votou a man a un hovo.

Aquela foi a decraración de guerra: d'as palabras pasaron enseguida ôs feitos y-os dous rapaces, emborcallados n-o chan, zurrarons'admirablemente.

Cand'o furor ou as forzias foran menos, os dous combatentes erguéronse chorosos, c'os vestidos lixados, en cen anacos as pizarras e sembrados pol-o chan os libros co-as follas todas soltas.

Ameazándose terriblemente, ambos rapaces botaron car'a sua casa, un detrás d'o outro; pro sin xuntárense.

— Deixa que te pille meu hirmán, que cha'a dar.

— Non, pois como t'agarre meu pai...

— Tramposo Rañoso.

— Eille decir ô Mayestro que fuches ti quen emborcou antes o tinteiro.

— Pois dillo, verás como che desfag'os morros, ladrón, qu'arroubaches un *Juanito*.

— E ti, que lle quitaches á Xaniño un *Amigo de los niños*.

D'este xeito, chamándose mil e catro centas chegaron á diante d'a escola n-o instant'en que saían d'ela os seus amigos e compañeiros, que'ô vel-os encomezaron á berrar:

— Uiiii, Antonciño e Perucho, que lataron a escola.

— Ambos de dar, ho!

— E tran partidas as pizarras, ouservou un.

— Andiveron ôs niños, dixo outro.

E logo, co'mos dirixira un mesmo pensamente, rodearon ôs dous nenos cantando con canta forza podían.

<<Latante mayor

Roubachell-as chaves

A Noso Señor>>.

Ant'o común mal, os dous enemigos esquenceron seus resentementos e pautando tacitamente unha alianza ofensiva e defensiva, encomezaron a sacudir golpes á dreita e esquerda. Pronto aquilo pareceu un campo d'Agramante: os libros iban pol-o aire d'un lado pr'outro y-o mesmo camiño levaban as gorras y-hastr'os anacos de pan que pr'a saída levaban n-o peto. Aquí caía un que se erguía mais alá c'unha pedra n-a man, fendíans'as pizarras y-os berros enxordecían o espáceo.

De pronto cesou o barullo e todos votaron a correr, recollendo a presa as gorras, as follas d'os libros, as pizarras y-hastr'os cinturós y-as chaquetas que n-a refrega s'arrincaron uns ôs outros: era que pol-a esquina d'a calle aparecía a figura inofensiva pra todos, terrorífeca pr'os rapaces. Antón e Perucho votaron tamén a correr; pro á súa disgracea levou-os a afuciñar c'o Mayestro, que saía atraguido pol-os berros. Escusado é decir que lles custou o encontro un bô tirón d'orellas.

*

**

Cando â tarde foron chegand'os rapaces, Antón e Perucho estaban xa de rodillas n-o médeo d'a escola e c'os libros n-a man. Non comeran; pro por eso non esquencían os niños, como proba o seguinte diálogo:

— ¿Hasme dar un melro?— di o Perucho.

— Se me das un sílgaro e máis dúas formillas... —respondeu Antón.

Amador Montenegro Saavedra
Vigo Diciembre 1º de 1891

257

AS FORMILLAS

As vellas d'o barrio dicíanllo n-a cara: *fillo de xogador, xogador has ser tamén ti, hai ho.*

Se s'herdan ou non disposición tales, com'os sábeos queren agora y-o púbrico ben sostendo fai moitos anos, eu non-o sei; pro si que n-este caso atinaban as comadres: Xaniño non pensaba mais qu'en xogar, xogar á todas horas, xogar sempre.

Poucos, ou millor dito, ningún rapaz estaba tan ô tanto com'el n-a custeón d'as épocas en qu'encomenzan os xogos d'o pión, a estornela ou billarda, etc; e ningún, seguramente, tiña tan prontas cantas *disposicións legais e regras* se conecen e comprende o longo código d'os xogos d'os rapaces: era unha verdadeira *enciclopedia*, unha especie de *viva colección lexislativa*, qu'os nenos d'o barrio consultaban sempre que dudaban s'esta ou a outra xogada estaba ou non dentro d'as leis d'o xogo.

Xaniño, como dixemos, tiña verdadeira paseón pol-os xogos; pro d'entr'eles os que máis lle gostaban, ôs que con máis empeño e con máis ardor s'adicaba

eran aqueles en qu'ó entrés se mete máis n-o medeo: as *caras e cruces* encantában-o e xogand'ós *santos* co-as aleluyas ou as caixas de mistos tiña verdadeiras batallas y-era de ver estonces con canto empeño sostíña él que Garibaldi estaba en riba de Víutor-Manoel, Zorrilla sobr'Alifonso XII, Bismark tapando á Guillermo ou, en fin, debaixo de Mazzantini Cánovas e Sagasta.

Ben escusado será dicil-o que gozaría o noso rapaz cando, pol-o seu turno, chegaba o tempo d'as formillas; seus petos parecían museos n-os que figuraban dend'o botón de fío d'as camisas d'os nosos labregos, hastr'o de metal e treciopelo que levan as señoritas d'a vila; dend'a formilla branca d'oso, hastr'o *pique* d'uniforme.

Aquel encher e valeirar os petos, aquel contino cambeo facía brincar de goz'ô bon Xaniño e com'o víceo d'os maores se deixa sentir n-a familia, máis d'unha vez a louc'aficeón d'o rapaz foi causa de desgustos n-a casa ô atoparse, por exemplo, o seu pai, sin botós n-a chaqueta ou n-a camisa.

En cant'os sitios y-as horas non roparaba Xaniño: o portal d'a escola, antes e despois d'a saída, tiñan pr'él non sei qu'encanto. Alí foi mais d'unha vez á buscal-o o mayestro co-as disciplinas de corda y-era de vel-a presa conque subí'as escaleiras pra sentarse n-o seu sito e unil-o o seu marmuleo ô d'os demais.

258

Non son todol-os días de fortuna y-un d'eles non lle soprou ben ô noso Xaniño. A hora d'entrar xa dera, mais os rapaces, formando corro, miraban á derrota d'o hastra entonces afertunado xogador y-este, apurando, cal outro Napoleón en Waterlóo, os últimos recursos, valeiraba os petos n-a man d'os contrareos.

A voz d'o mayestro sintiuse craramente n-as escaleiras y-aquel círcalo desfixose como por encanto, votando todos a correr car'â escola, non sendo d'os últimos ó noso héroe, que, co-a cara alcendida, os libros debaixo d'o brazo y-a gorra posta ô rivés, entrou tirando bancos e pizarras. Cand'o mayestro entrou, xa todos ocupaban os seus sitios c'os libros abertos, distinguíndos'esa mezcra de voces en tono de pregunta e resposta, que tan ben caracteriza nosas escolas, anunceándoas a medea legoa de distancia.

Non era Xan d'os que s'afogan en pouc'auga e despois de pasar un momento, âs furtadelas encomezou a desafiar ôs seus contrareos.

- O qu'é d'esta vez non t'astreves, rañoso, dicíall'a un d'os que lle ganaran.
- Vóuch'as formillas cando queiras, dicía a outro y-así iba quentánd'os ánimos, hastra qu'ô pouco tempo e sin qu'ô *dómine* vise (como lles pasa moitas veces âs autoridás c'os verdadeiros xogadores), a escola convertiuse n-unha *timba*... de botós.

A sorte, sen embargo, seguía contráre'a Xaniño qu'ô pouco tempoalcontrouse sin un botón, nin pra un romedeo, pro... ¡de menos nos fixo Dios!: non por eso s'acobardou ó rapaz e siguiu xogando c'os d'a chaqueta pirmeiro, c'os d'o chaleque logo y-ô fin c'os do mesmo calzón, que tiña de mentres atar logo c'unha corda que traguía sempre consigo, *pr'as peleas*.

Pro as cousas non sãn sempre como se pensa e cando mais afanado s'alcontraba Xaniño, unha forte vareada d'o mayestro sobr'a mesa foi o sinal y-os rapaces votaron a correr cada un â súa seución. Quixo Xaniño seguir ôs seus compañeiros, sin pensar xa n-a falta de botós que *padecía*, as'é qu'ô primeiro paso deu c'o seu corpo n-o chan e n-a forma que poden supoñel-os leutores: os rapaces soltarons'a rir com'a tolos e mais aínda cando fuxindo d'a vara e c'os calzós n-a man, púxos'a correr pol-a escola, con máis d'unha coarta de non moi limpa camisa fora.

É hox'o día aínda en qu'os compañeiros de Xan lle din cand'oalcontran:

— ¿Acórdaste d'as formillas?

Amador Montenegro

Isabel Mociño González

Universidade de Santiago de Compostela